

Informe de legalidade sobre o proxecto de Orde pola que se regula a educación básica para persoas adultas e se establece o seu currículo na Comunidade Autónoma de Galicia.

De conformidade co disposto no artigo 43.2 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público de Galicia, emito o seguinte

INFORME

1. Marco normativo e competencial

O marco xurídico competencial que atribúe aos órganos da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional a elaboración da presente norma parte do artigo 31 do Estatuto de Autonomía de Galicia, consonte o cal é da competencia plena da Comunidade Autónoma galega a regulación e administración do ensino en toda a súa extensión, niveis e graos, modalidades e especialidades, no ámbito das súas competencias, sen prexuízo do disposto no artigo 27 da Constitución e nas leis orgánicas que, conforme ao apartado primeiro do seu artigo 81 o desenvolvan, das facultades que lle atribúe ao Estado o número 30 do apartado 1 do artigo 149 da Constitución, e da alta inspección necesaria para o seu cumprimento e garantía.

O Decreto 138/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional dispón no seu artigo 1 que lle corresponden a esta consellería, entre outras competencias e funcións, a planificación, regulación e administración do ensino regrado en toda a súa extensión, niveis, graos, modalidades e especialidades, e a coordinación do sistema universitario.

A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación modificada pola Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro dedica o capítulo IX do seu título I á educación de persoas adultas e establece, no artigo 66.1, que a educación de persoas adultas ten a finalidade de ofrecer a todas as persoas maiores de dezoito anos a posibilidade de adquirir, actualizar, completar ou ampliar os seus coñecementos e aptitudes para o seu desenvolvemento persoal e profesional. No apartado 3 do mesmo artigo, enuméranse os obxectivos da educación de persoas adultas que son, entre outros, adquirir unha formación básica, ampliar e renovar os seus coñecementos, habilidades e destrezas de modo permanente e facilitar o acceso ás distintas ensinanzas do sistema educativo, desenvolver as súas capacidades persoais, nos ámbitos expresivos, comunicativo, de relación interpersoal e de construción do coñecemento, a súa capacidade de participación na vida social, cultural, política e

económica e facer efectivo o seu dereito á cidadanía democrática, adquirir, ampliar e renovar os coñecementos, habilidades e destrezas necesarias para a creación de empresas e para o desempeño de actividades e iniciativas empresariais, así como desenvolver actitudes e adquirir coñecementos vinculados ao desenvolvemento sustentable e para os efectos do cambio climático e as crises ambientais, de saúde ou económicas e promover a saúde e os hábitos saudables de alimentación, reducir o sedentarismo, corrixir os riscos de exclusión social, especialmente dos sectores máis desfavorecidos, respondendo adecuadamente aos retos que supón o envellecemento da poboación progresiva e garantindo ás persoas maiores a oportunidade para aumentar e actualizar as súas habilidades.

O Decreto 88/1999, do 11 de marzo, polo que se regula a ordenación xeral das ensinanzas de educación de persoas adultas e os requisitos mínimos dos centros, establece no seu artigo 5 a organización e estrutura das ensinanzas da educación básica para persoas adultas en dúas etapas: ensinanzas iniciais do ensino básico para persoas adultas e ensinanzas conducentes á obtención do título de graduado en educación secundaria obrigatoria. Neste mesmo artigo establece que a consellería con competencias en materia de educación poderá adaptar o currículo da educación primaria establecido na Comunidade Autónoma de Galicia, adecuándoo ás características, condicións e necesidades da poboación adulta, de acordo coas esixencias de organización e metodoloxía da educación de persoas adultas, e, para as ensinanzas conducentes á obtención do título de graduado en educación secundaria obrigatoria, dispón que terá un currículo específico e adecuado ás características e necesidades da poboación adulta, tendo como referente o currículo da educación secundaria obrigatoria.

2. Necesidade e oportunidade

A Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, modificou en distintos aspectos a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, e estableceu unha nova configuración curricular da educación secundaria que afecta tanto ás materias e o seu agrupamento en ámbitos, como á súa organización e distribución nos catro cursos da etapa.

En desenvolvemento da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, modificada pola Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro, publicouse o Real Decreto 217/2022, do 29 de marzo, polo que se establece a ordenación e as ensinanzas mínimas da Educación Secundaria Obrigatoria. Na súa disposición adicional terceira estipula que as persoas adultas que queiran adquirir as competencias e os coñecementos correspondentes á Educación Secundaria Obrigatoria contarán cunha oferta adaptada ás súas condicións e necesidades e establece a estrutura desta etapa. Recolle, así mesmo, que o currículo destas ensinanzas será establecido polas administracións educativas.

En consecuencia, publicouse o Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia. Na súa disposición adicional cuarta, dedicada á educación para persoas adultas, organiza a estrutura desta etapa e recolle que a consellería con competencias en materia de educación establecerá o seu currículo conforme aos aspectos básicos recollidos no anexo II do citado decreto.

Co obxecto de adecuar as características da educación básica para persoas adultas á estrutura definida pola Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, cómpre elaborar unha nova orde que regule estas ensinanzas para a persoas adultas, nas súas modalidades presencial, semipresencial e a distancia, na Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Tramitación

A Lei 16/2010, do 17 de decembro, establece no capítulo II do seu título II o procedemento de elaboración de disposicións administrativas de carácter xeral. O artigo 41 regula a fase inicial e sinala que a elaboración das devanditas disposicións iniciárase por acordo da persoa titular da consellería na que se encadre o centro directivo que tivese a iniciativa. O conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, iniciou o presente procedemento por acordo do 28 de maio de 2024.

Así mesmo, dispónse que iniciado o procedemento, con carácter previo á elaboración do anteproxecto, levarase a cabo unha consulta pública previa a través do Portal de transparencia e Goberno aberto. A este respecto cabe indicar que segundo consta no certificado emitido pola Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, a presente proposta normativa expúxose publicamente na fase “Consultas abertas” da sección “Consulta pública previa” do Portal de Transparencia e Goberno aberto, durante o período comprendido entre o 3/06/2024 e o 17/06/2024, constando a recepción dunha achega/opinión.

A súa vez, a disposición adicional decimosexta establece que para contribuír ao obxectivo de cumprir os principios de racionalización, simplificación e mellora da calidade normativa, unha vez iniciado o procedemento de elaboración de anteproxecto de lei ou de disposicións administrativas de carácter xeral, para a redacción do correspondente anteproxecto de norma constituirase unha comisión coa composición que determine o centro directivo que tivese a iniciativa e na que se integrará, polo menos, a persoa titular da secretaría xeral técnica da correspondente consellería. Por acordo do 11 de xullo de 2024 constitúese a comisión encargada da redacción do anteproxecto de orde.

A documentación achegada nesta fase foi a seguinte:

- Texto do anteproxecto.
- Memoria xustificativa sobre a súa legalidade, acerto e oportunidade.
- Memoria económico-financeira.
- Táboa de vixencias.
- Informe do Servizo Técnico-Xurídico de data 30 de xullo de 2024.

Logo de finalizar esta fase do procedemento mediante a aprobación inicial do texto como proxecto de orde polo conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, o 2 de agosto de 2024, seguíronse os trámites da fase intermedia previstos no artigo 42 da Lei 16/2010.

De conformidade co artigo 41.5 da mesma norma, consta certificado emitido o 3 de setembro de 2024 pola directora da Área de Administración dixital da Amtega, no que se dá conta de que no período comprendido entre o 08/08/2024 e o 02/09/2024 (en cumprimento do disposto no artigo 9 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno) se expuxo publicamente na fase “En prazo de envío de suxestións” do portal de Transparencia e Goberno aberto o texto íntegro do proxecto de orde, non recibíndose ningunha suxestión.

Así, na tramitación do proxecto solicitáronse os informes de impacto de xénero e da Dirección Xeral de Orzamentos e Financiamento Autonómico, que se emitiron, ambos os dous, o 21 de agosto de 2024.

En cumprimento do disposto no artigo 42.1 da Lei 16/2010, remitiuse ás demais consellerías da Xunta de Galicia o proxecto de orde para os efectos da emisión do informe que puidera esixir a lexislación vixente. Recibíronse observacións da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático.

Inclúese no expediente certificado emitido pola secretaria da Mesa Sectorial Docente non Universitaria, asinado o 10 de setembro do 2024, no que se fai constar que na sesión do 10 de setembro de 2024 do citado órgano se tratou o presente proxecto de orde.

A Asesoría Xurídica da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional emitiu o seu informe favorable o 27 de setembro de 2024.

De conformidade co artigo 43.2 da Lei 16/2010, de 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público de Galicia, por considerar que se axusta á legalidade vixente, **informo favorablemente** o proxecto de Orde pola que se regula a educación básica para persoas adultas e se establece o seu currículo na Comunidade Autónoma de Galicia.

Santiago de Compostela, data da súa sinatura dixital

O secretario xeral técnico

Manuel Vila López